

# AS PONTES, EXPERIENCIA INDUSTRIAL

TIPO DE PROXECTO: CREACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO

Enlaces: [www.experienciaindustrial.com](http://www.experienciaindustrial.com)

Concello: As Pontes

Provincia: A Coruña



“As Pontes, Experiencia Industrial” nace co propósito de asentar as bases para a posta en marcha dun produto turístico innovador, apoiado nas principais iniciativas industriais e no patrimonio histórico industrial do municipio. Este tipo de acción pretende polo tanto ser un elemento clave no desenvolvemento local da zona, buscando o aproveitamento eficiente e sustentable dos recursos endóxenos do territorio.

A oferta divídese en dúas grandes áreas: a *industria viva* e o *patrimonio industrial*. A *industria viva* amosa ao visitante as peculiaridades do día a día de empresas que pertencen a sectores tan diversos como a agrogandeiría, madeira, alimentación, biocombustibles, artes gráficas ou metalurxia. As empresas participantes abren as portas das súas instalacións a través de visitas, en moitos casos guiadas polas persoas propietarias e emprendedoras, o que lle proporciona un valor engadido á experiencia.

En canto ao *patrimonio industrial*, o público pode desfrutar de rutas que conectan coa historia contemporánea das Pontes, marcada polo descubrimento de carbón. Nestas rutas, que poden ser guiadas ou interpretadas mediante folletos, móstranse recursos vinculados coa cultura do traballo: antigas instalacións, poboados de vivendas, maquinaria, centros de traballo e por suposto, o famoso proceso de rehabilitación da mina, convertido hoxe no lago artificial máis grande de Europa.

#### ELEMENTOS SALIENTABLES

“As Pontes, Experiencia Industrial” destaca por ser un proxecto de creación de produto turístico cun alto grado de participación veciñal e de colectivos empresariais de diversa índole. As 10 empresas colaboradoras demostraron o seu compromiso co proxecto, resultando fundamentais para o éxito do mesmo.



[www.turismoaspontes.com](http://www.turismoaspontes.com)

#### ENTIDADE PROMOTORA:



#### AEDL:

Erika Sanz Giles

#### EMPRESA EXECUTORA

